

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REHABILITACIÓN DA CASA DE BAÑOS DO EDIFICIO DO BALNEARIO DE ARTEIXO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Arteixo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto modificar as cláusulas terceira, cuarta e o anexo I do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 28 de febreiro de 2025 asinouse un convenio que ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o proxecto básico e de execución para a rehabilitación da Casa de Baños do edificio do Balneario de Arteixo, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, este proxecto incluído na ACD Galicia, destino termal de referencia enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.



A vixencia deste convenio esténdese ata o 30 de xuño de 2026.

Segundo.- O Plan Territorial de Sostenibilidade Turística de Vilas termais e Cascos históricos de Galicia impulsará o turismo termal sostible en Galicia mediante o fortalecemento e a posta en valor dos seus recursos termais, naturais e culturais, integrando estratexicamente a oferta turística e converténdoa en produtos innovadores e atractivos para todo o ano. Co obxectivo de garantir a conservación dos recursos e impulsar a actividade turística dunha forma sostible, o Plan Territorial de Sostenibilidade Turística de Vilas Termais e Cascos Históricos de Galicia foi planificado rigorosa e coherentemente. As intervencións programadas a través da ACD e dos 7 PSTD, xunto ao PSTD do Plan Nacional, responden ao obxectivo de impulsar a transformación e o crecemento do sector termal e do turismo azul na comunidade, respectivamente.

Polo que respecta á ACD Galicia, o seu obxecto constituía a Rehabilitación do Pazo Provincial de Ourense para albergar un balneario e o centro de Innovación e de Investigación do Termalismo de Galicia. Debido á imposibilidade de licitar e, consecuentemente, executar as obras necesarias para a execución do proxecto inicialmente aprobado, dispónse dun proxecto alternativo para a rehabilitación e ampliación da Casa de Baños do Balneario de Arteixo, que si está en condicións de poder licitarse e executar en tempo e forma, e de acordo cos prazos aprobados inicialmente, conseguindo deste modo cumprir co calendario estimatorio de actuacións inicialmente aprobado. Esta modificación proposta foi aprobada en reunión da Comisión Bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Comunidade Autónoma de Galicia o 13 de setembro de 2024.

As actuacións específicas previstas no Convenio asinado o 28 de febreiro de 2025 – execución do proxecto do Concello de Arteixo, referenciado na ACD Galicia, destino termal de referencia do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022 e modificado en Comisión Bilateral o 13 de setembro de 2024—, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia –Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento



Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación ó Concello de Arteixo, o instrumento de intervención é o desenvolvemento do proxecto básico de execución para a rehabilitación da casa de Baños do edificio do Balneario de Arteixo, por un importe de 2.000.000 euros.

Terceiro.- O Concello de Arteixo comunica que o proxecto se adjudicou o 15 de maio de 2025, por un importe de 2.233.490 sen IVE (2.702.522,9 € IVE incluído), importe inferior ó orzamento estimado que recollía o convenio. A adjudicación do contrato formalizouse o 16 de maio de 2025

O día 2 de setembro de 2025 o arquitecto presenta modificado de proxecto de obra, fundamentado o modificado nos seguintes termos:

- Unha vez analizadas as placas de fibrocemento que conforman a cuberta, detéctase nas mesmas a presenza de amiantos, o que fai imprescindible a súa retirada e impide, por tanto, o seu aproveitamento, tal e como estaba previsto no proxecto.
- O estado da estrutura existente da cuberta, de cerchas de madeira (con reforzos metálicos en moitos dos apoios e pudrición da madeira nun porcentaxe importante das cabezas), sumado ao incremento de cargas que derivará da adición dunha capa de cobertura de panel sándwich e á suspensión de novas instalacións, fai conveniente a substitución total da estrutura por unha máis adecuada ao uso e ás necesidades actuais dun edificio destas características. Esta modificación da estrutura da cuberta do edificio afecta, inevitablemente, ao seu encontro coa cuberta acristalada prevista para o patio central, que tamén será necesario modificar.
- O informe desfavorable emitido no mes de xuño pola Dirección Xeral de Saúde Pública que ditamina que a auga dos mananciais está contaminada, fai necesaria a adopción de solucións non previstas no Proxecto co obxecto de adoptar as medidas necesarias para



realizar "as actuacións que se consideren necesarias para que non existan estes indicios de contaminación nos devanditos mananciais e nas instalacións finais". Ditas medidas implican a remodelación das instalacións incluíndo, entre outras cousas, unha instalación para desinfección das augas e a execución dun revestimento interior dos pozos que ofrezca maiores garantías sanitarias, que obriga a levar a cabo unha intervención non prevista no proxecto orixinal, incluíndo o tratamento dos paramentos verticais dos muros perimetrais.

Dito informe emitiuse con posterioridade á redacción do Proxecto e á adxudicación das augas, polo que a instalación de desinfección non estaba prevista inicialmente. - As novas exixencias no tratamento das augas; así como as necesidades de acondicionamento e illamento acústico para minimizar as molestias que o seu funcionamento poida ocasionar aos veciños, fan necesario incrementar as dimensións do cuarto técnico previsto no exterior.

Isto provoca, á súa vez, que resulte inviable a súa execución nalgunhas das dúas ubicacións previstas no proxecto, no vial entre o balneario e o hotel; sendo necesaria a súa reubicación na Praza do Balneario.

- Por último, unha vez demolido o interior do inmovible, detectouse unha serie de incidencias de menor importancia que implicarán variacións tanto na distribución, como na estrutura do inmovible. Estas variacións tamén se recollen no Proxecto Modificado A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Co obxecto de garantir a viabilidade integral do proxecto e o cumprimento dos fitos e obxectivos comprometidos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, decídese reaxustar o orzamento en base á cantidade do importe da adxudicación, incrementando así mesmo o importe da cantidade precisa para levar a cabo o modificado. De xeito que os 2.000.000 que aporta a Axencia se distribúan en 2 anualidades, se minora a aportación levada a cabo polo concello sendo asumida pola



Axencia, así como incrementando a cantidade indicada no modificado sen o IVE (313.680,55€). O total queda do seguinte xeito coa distribución por anualidades:

Anualidade 2025: 1.662.743,77 €

Anualidade 2026: 650.936,78 €

Ademais, compre precisar que no convenio inicial se contemplou que o IVE da anualidade 2025 se imputaba na súa totalidade á anualidade 2026 polo que é preciso aclarar, que aínda que o IVE é asumido pola entidade local, ten que ir reaxustado en cada anualidade

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

